

4

sectores productivos

4.0

panorama panorama xeral xeral

Este capítulo trata de presentar unha serie de rasgos básicos do sistema productivo galego. Nunha primeira parte trata de variables como o emprego ou as empresas a partir dos datos da Tesorería General da Seguridade Social e do IGE (Enquisa de Poboación Activa). Posteriormente, presenta unha serie de indicadores empresariais facilitados por Ardán, como os datos do balance e conta de resultados, e o INE na súa *Encuesta industrial de empresas 1998*. Finalmente, fai referencia ós datos do sector exterior facilitados polo ICEX.

Unha primeira aproximación ós sectores productivos galegos ven dada polos **cadros 4.0.1. e 4.0.2.**, que recollen o número de empresas e traballadores e empresas por grupos de actividade. Tal e como reflicten estes cadros, o grupo 5 (comercio e hostalería) é o que acolle o maior número de traballadores e empresas, con 127.952 e 33.782, respectivamente.

O **cadro 4.0.1.**, que recolle o número de

traballadores en alta laboral na Seguridade Social no réxime xeral por actividade económica e a súa distribución provincial, amosa que en 1999 o número de traballadores en alta aumentou un 5,1% respecto ó ano anterior, para acadalos 572.672 traballadores en 1999. Atendendo ós diferentes grupos de actividade, os grupos 5 (comercio e hostalería), 7 (Administración pública) e 4 (construción e produción e distribución de enerxía) son os que engloban o maior número de traballadores, con 127.952, 92.481 e 83.392 persoas, respectivamente.

Atendendo á súa desagregación provincial, A Coruña acolle ó 42,8% do total de traballadores en alta laboral no réxime xeral da Seguridade Social (245.360), en tanto que Pontevedra acolle ó 35,1% (201.280). As provincias de Lugo e Ourense acollen o 11,1% (63.692) e o 10,9% (62.340), respectivamente.

Tal e como reflicte o **cadro 4.0.2.**, en 1999, segundo os datos da Tesorería General da

CADRO 4.0.1.

Traballadores en alta no rexime xeral da Seguridade Social a 31-12-1999: distribución segundo actividade económica

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
0 Agricultura e pesca	6.875	633	848	1.394	9.750
1 Industrias extractivas, textil e alimentaria	19.059	4.325	6.453	12.327	42.164
2 Industrias do metal, madeira e corcho	21.028	6.387	4.837	22.718	54.970
3 Industrias de fabricación de bens de equipamento	9.730	1.395	2.338	17.796	31.259
4 Construcción e produción e distribución de enerxía	38.929	8.941	9.508	26.014	83.392
5 Comercio e hostalería	55.014	14.633	12.621	45.684	127.952
6 Transporte e comunicación	36.218	4.712	4.911	16.381	62.222
7 Admon. pública, servizos financeiros e tec. Emp.	36.286	13.054	10.493	32.648	92.481
8 Educación	12.771	7.443	7.877	19.211	47.302
9 Outras act. Sociais	9.450	2.169	2.454	7.107	21.180
Total	245.360	63.692	62.340	201.280	572.672

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

CADRO 4.0.2.

Empresas en alta no rexime xeral da Seguridade Social a 31-12-1999: distribución segundo tamaño da empresa e actividade económica

	Tramos de empresas						Total
	1 trab.	2 a 5	6 a 50	51 a 100	101 a 500	máis de 500	
0 Agricultura e pesca	382	251	91	4	5	1	734
1 Industrias extractivas, textil e alimentaria	1.208	1.385	1.299	81	60	2	4.035
2 Industrias do metal, madeira e corcho	2.193	2.225	1.554	98	59	5	6.134
3 Industrias de fabricación de bens de equipamento	691	670	503	36	33	4	1.937
4 Construcción e produción e distribución de enerxía	5.663	5.361	3.272	101	40	1	14.438
5 Comercio e hostalería	16.363	13.023	4.246	85	61	4	33.782
6 Transporte e comunicación	2.555	2.083	1.059	51	50	7	5.805
7 Admon. pública, servizos financeiros e tec. Emp.	3.393	3.119	1.827	173	177	16	8.705
8 Educación	1.861	1.422	967	58	59	21	4.388
9 Outras act. Sociais	3.350	1.796	690	31	16	1	5.884
Total	37.659	31.335	15.508	718	560	62	85.842

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

Seguridade Social, o número de empresas ascendeu a 85.842, vinte menos que no ano anterior, sendo o número medio de traballadores por empresa de 6,7, fronte ós 6,3 traballadores por empresa do ano 1998.

Atendendo ós diferentes grupos de actividade, os sectores de “comercio e hostalería” e “construcción e produción e distribución de enerxía” son os que acollen o maior número de sociedades, con 33.782 e 14.438 empresas, respectivamente, o 56,2% do total de empresas rexistradas.

Atendendo ó número de empresas pol seu tamaño, o **cadro 4.0.2.** reflicte que o 43,9% das

empresas teñen un só traballador (37.659 empresas) e que tan só o 1,6% das sociedades (1.340 firmas) ten máis de 51 traballadores.

No que atinxe á distribución da poboación ocupada por sectores e ramas de actividade atendendo ós datos da EPA, o **cadro 4.0.3.** amosa que o sector primario acolle un total de 173,1 miles de traballadores (8,7 miles menos que en 1998), dos que 139,3 miles están englobados na agricultura, gandería, caza e silvicultura (80,5%)

Ó sector industrial pertencen un total de 169 miles de persoas ocupadas (162,5 miles en 1998). As ramas de fabricación de material de

CADRO 4.0.3.

Poboación ocupada 1998-99: distribución por ramas de actividade

(en miles de persoas)

	1998	1999	I	II	III	IV
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	152,7	139,3	140,9	141,6	141,9	132,6
Pesca e piscicultura	29,1	33,8	31,1	32,5	34,5	36,9
Industrias extractivas	7,1	7,6	6,7	8,3	7,8	7,7
Prod., transp. e distrib. de electric., gas e auga	5,6	4,1	4,9	3,5	3,9	4,1
Coquerías, fabric. de prod. químicos e prod. metais	14,6	17,0	15,7	18,2	18,0	16,0
Fabricación de produtos metálicos. Construcción de máquinas e material mecánico	15,3	17,7	16,7	19,0	18,5	16,5
Fabricación de material de transporte	31,6	31,7	30,3	30,2	32,6	33,7
Industrias de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	30,2	28,8	27,6	29,2	30,2	28,2
Industrias do téxtil, coiro, calzado e confeccións textís	22,1	22,1	23,1	22,0	22,0	21,4
Industrias da madeira e cortiza	15,4	17,1	17,7	18,0	17,5	15,2
Industrias do papel, artes gráficas e edición e reprodución de soportes gravados	4,2	4,4	4,0	3,9	4,3	5,5
Outras industrias manufactureiras	16,5	18,5	17,6	17,7	18,9	19,8
Construcción	98,1	104,9	95,8	102,4	110,6	110,8
Comercio por xunto e polo miúdo	111,4	120,8	116,2	119,5	124,9	122,7
Venda, mantem. e reparac. de vehículos de motor. Gasolineras	25,4	23,2	23,1	22,7	23,0	24,0
Hoteis, restaurantes e bares	47,3	44,8	46,4	43,0	45,6	44,1
Transportes e activ. anexas. Comunicacions	46,0	45,5	47,3	43,5	45,2	45,9
Institucións financeiras e de seguros	18,4	20,5	20,1	20,7	21,3	19,9
Educación	50,2	47,7	48,7	47,7	45,0	49,2
Sanidade	40,9	42,9	41,0	41,9	43,2	45,4
Admons. públicas, defensa e seguridade social	48,8	55,4	53,2	58,5	57,2	52,8
Outros servizos	87,2	94,0	86,6	89,9	99,3	100,3
Total	917,8	941,7	914,7	933,9	965,4	952,7

Fonte: IGE

transporte e as industrias de produtos alimenticios, bebidas e tabaco son as máis importantes, con 31,7 e 28,8 miles de ocupados, respectivamente.

O sector da construción rexistra un aumento do 6,9% no seu número de ocupados, que chega ata os 104,9 miles de persoas, mentres que o sector servizos acolle un total de 494,8 miles de traballadores. Dentro do sector servizos, salientan as ramas de comercio por xunto e polo miúdo, que dan traballo a 120,8 miles de persoas, 9,4 miles máis que en 1998.

Datos empresariais

A análise das variables empresariais parte da información facilitada polo Ardán e mais pola *Encuesta industrial de empresas* do INE.

O número de empresas consideradas polo Ardán ascende a 11.109, fronte ás 11.130 empresas do ano anterior. Estas empresas están seleccionadas en función dos seguintes crite-

rios: empresas con domicilio social en Galicia –o que implica deixar fóra algunha firma importante, polo que as cifras poden presentar algunha distorsión–, das que se dispón de datos durante dous anos consecutivos e que facturan máis de 40 millóns de pesetas.

Comparando estes datos coas cifras facilitados polo Dirce, a mostra de Ardán acolle preto do 28,6% do total de empresas mercantís galegas e emprega ó redor do 42,4% dos traballadores asalariados de Galicia.

Atendendo á **desagregación sectorial**, do total de empresas seleccionadas, o **cadro 4.0.4.** amosa a importancia do sector industrial en Galicia, xa que acolle o maior número de empresas, 3.048 firmas, e presenta o 44,1% do total dos ingresos de explotación das empresas da selección e o 41,3% do VEB total das mesmas. Asemade, estas empresas presentan o maior emprego medio, con 30 traballadores por empresa, calculado segundo os datos presentados polas propias empresas.

CADRO 4.0.4.

Sectores productivos 1998

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Industria	3.048	2.453.937,34	444.220,75	137.143,43	1.483.830,48	30
Energía	128	73.580,20	27.639,39	11.823,73	135.050,26	17
Bens intermedios	688	381.305,61	85.764,35	26.429,66	274.674,03	25
Bens de equipamento	1.353	1.375.475,52	213.407,27	55.292,55	663.518,83	32
Bens de consumo	879	623.576,02	117.409,74	43.597,49	410.587,36	34
Construcción	3.003	818.336,50	200.939,41	46.142,46	874.051,05	18
Servicios	2.439	626.593,58	205.791,85	52.642,13	706.224,35	22
Servicios empresariais	484	102.920,05	44.378,44	6.814,32	121.668,61	33
Turismo e ocio	523	113.409,95	39.624,06	17.361,57	110.954,25	18
Transportes	1.001	269.566,63	68.678,55	19.068,85	360.524,94	15
Comunicacións	349	110.324,95	36.721,07	6.290,43	86.570,99	25
Servicios relac. coa saúde	82	30.372,00	16.389,74	3.106,97	26.505,56	47
Sector primario	2.619	1.660.345,60	223.862,91	56.208,54	925.263,23	21
Total	11.109	5.559.213,02	1.074.814,91	292.136,55	3.989.369,12	23

Fonte: Ardán

Esta importancia do sector industrial debe ponderarse tendo en conta os datos da Seguridade Social (CNAE-74) e os da Encuesta industrial de empresas. Atendendo á primeira fonte, os grupos industriais (1-4) acollen en 1998 o 15,3% das empresas en alta no réxime xeral (13.104 empresas), fronte ó 27,4% das empresas que contempla Ardán.

A Encuesta recolle unha serie de variables referidas ás empresas en que a súa actividade principal é considerada industrial. Inclúe as actividades de “alimentación, bebidas e tabaco” e as de “madeira e corcho”, que se analizan dentro das industrias relacionadas co sector primario.

O **cadro 4.0.5.** reflicte a importancia das industrias de material de transporte, que salientan por se-las que presentan a maior cifra de negocios, ingresos de explotación, gastos de persoal ou de explotación. Asemade, as industrias de “alimentación, bebidas e tabaco” son as que teñen unha maior cantidade de horas traballadas.

Tendo en conta a variable ingresos de explotación, as actividades industriais propiamente ditas (sen contabilizar a distribución) xeran por riba dun 35% máis que as empresas consideradas por Ardán, que si considera dentro da industria as actividades de distribución.

O devandito **cadro 4.0.4.** reflicte tamén o importante papel das empresas do sector primario e industrias relacionadas, onde as 2.619 empresas obxecto de análise xeran o 29,9% dos ingresos de explotación e o 20,8% do VEB do total de empresas consideradas, cunha ocupación media de 21 traballadores por empresa.

Atendendo á **distribución xeográfica** das empresas consideradas por Ardán, o **cadro 4.0.6.** amosa unha forte concentración da actividade nas provincias de A Coruña e Pontevedra. Así, os seis principais núcleos de localización das empresas, segundo a súa xeración de valor engadido bruto a custo de factores, corresponden a estas dúas provincias, e xeran o 57,7% do total do VEB a custo de factores, fronte ó 57,5% do ano anterior.

CADRO 4.0.5.

Principais variables económicas da industria 1997-98: distribución segundo actividade económica

(en millóns de pesetas)

1997								
Persoas ocupadas	Horas traballadas	Cifra de negocios	Ingresos de explotación	Variación existencias	Total consumo	Gastos persoal	Gastos de explotación	
Industrias extractivas, enerxía e auga	9.567	578.679	592.893	977	291.457	55.171	464.841	
Alimentación, bebidas e tabaco	26.263	646.138	651.073	1.268	457.750	64.326	619.299	
Industria téxtil, confección, coiro e calzado	14.280	121.093	122.282	873	75.390	25.575	114.985	
Madeira e corcho	11.961	191.235	193.276	1.043	126.199	25.414	179.578	
Papel, edición, artes gráficas	4.959	73.195	74.708	43	31.378	16.335	65.568	
Industria química	2.395	4.274	74.615	-41	39.782	11.316	68.851	
Caucho e materiais plásticas	3.987	68.588	69.478	625	41.528	12.273	65.703	
Produtos minerais non metálicos diversos	13.446	138.297	139.504	-138	63.188	36.125	128.003	
Metalurxia e fabricación de prod. metálicos	16.454	257.621	260.388	1.284	134.932	50.504	237.320	
Maquinaria e equipo mecánico	4.952	51.654	52.053	112	27.724	16.379	51.187	
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	4.116	65.905	66.405	-2.435	35.472	13.318	58.242	
Material de transporte	23.765	696.756	731.945	13.683	532.146	100.960	742.688	
Industrias manufactureiras diversas	4.842	26.758	26.875	160	13.429	9.168	26.538	
Total industria	140.987	2.989.745	3.055.495	17.454	1.870.375	436.864	2.822.803	
1998								
Persoas ocupadas	Horas traballadas	Cifra de negocios	Ingresos de explotación	Variación existencias	Total consumo	Gastos persoal	Gastos de explotación	
Industrias extractivas, enerxía e auga	9.539	470.017	483.545	-832	230.666	55.789	387.771	
Alimentación, bebidas e tabaco	26.847	681.788	688.060	8.542	488.561	65.315	658.867	
Industria téxtil, confección, coiro e calzado	21.567	185.031	187.199	1.217	111.152	38.626	170.911	
Madeira e corcho	12.012	199.713	201.892	2.163	130.468	26.062	185.714	
Papel, edición, artes gráficas	5.123	71.975	74.441	-49	32.780	17.452	69.079	
Industria química	2.458	85.736	86.719	545	47.704	11.766	80.123	
Caucho e materiais plásticas	3.789	6.805	78.121	-87	47.676	12.357	73.163	
Produtos minerais non metálicos diversos	12.070	139.987	140.806	76	65.280	33.261	129.675	
Metalurxia e fabricación de prod. metálicos	16.979	270.173	273.072	392	143.896	53.610	253.361	
Maquinaria e equipo mecánico	5.989	71.500	71.961	717	39.723	20.135	68.881	
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	4.996	87.962	88.668	2.856	51.076	15.533	76.096	
Material de transporte	25.989	876.800	913.883	10.467	687.207	11.066	913.884	
Industrias manufactureiras diversas	6.469	46.224	46.406	361	24.450	12.378	42.815	
Total industrial	153.825	3.264.162	3.334.773	26.368	2.080.642	473.351	3.112.340	

Fonte: INE, Encuesta Industrial Anual de Empresas

CADRO 4.0.6.

Núcleos de localización empresarial máis importantes pola súa xeración do VEB 1997-98

(en millóns de pesetas)

Núcleos	1997	1998	98/97
Vigo	205.937,71	245.341,25	19,1
A Coruña	143.202,37	158.267,82	10,5
Arteixo	68.102,46	84.317,01	23,8
Santiago	56.169,55	63.729,60	13,5
Pontevedra	32.495,84	36.678,87	12,9
O Porriño	29.579,42	31.894,53	7,8
Lugo	27.686,71	30.720,60	11,0
Ourense	24.677,87	28.055,07	13,7

Fonte: Ardán

CADRO 4.0.7.

Evolución da actividade empresarial 1997-98: ingresos, custos e resultados

	1997		1998		98/97
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	4.730.603,27	100,00	5.559.213,02	100,00	17,5
Consumo e outros gastos de explotación	3.799.768,67	80,32	4.484.398,11	80,67	18,0
Valor engadido bruto a custo dos factores	930.834,60	19,68	1.074.814,91	19,33	15,5
Gastos de persoal	608.824,35	12,87	680.453,56	12,24	11,8
Resultado económico bruto da explotación	322.010,25	6,81	394.361,35	7,09	22,5
Amortizacións	121.456,24	2,57	142.406,30	2,56	17,2
Resultado económico neto da explotación	200.554,01	4,24	251.955,05	4,53	25,6
Resultado financeiro	- 39.532,61	-0,84	- 35.602,03	-0,64	9,9
Ingresos financeiros	46.408,73	0,98	46.224,04	0,83	-0,4
Gastos financeiros	85.941,34	1,82	81.826,07	1,47	-4,8
Resultado de actividades ordinarias	161.021,40	3,40	216.353,01	3,89	34,4
Resultado de actividades extraordinarias	18.673,14	0,39	4.939,87	0,09	-73,5
Resultado antes de impostos	179.694,54	3,80	221.292,88	3,98	23,1
Impostos	52.568,96	1,11	71.562,63	1,29	36,1
Resultado neto do exercicio	127.125,58	2,69	149.730,25	2,69	17,8
Cash-flow	248.581,81	5,25	292.136,55	5,25	17,5

Fonte: Ardán

O principal núcleo de localización segue sendo Vigo, que xera un total de 245,3 miles de millóns de pesetas en 1998, un 19,1% máis que en 1997, o que supón o 22,8% do total xerado en Galicia no ano 1998.

Se se analizan agora os datos referidos á **evolución da actividade**: ingresos, gastos e resultados, o **cadro 4.0.7.** reflicte un aumento importante do resultado de actividades ordinarias (34,4%), aumentando o seu peso relativo

do 3,40% de 1997 ata o 3,89% de 1998. Neste período, os ingresos de explotación aumentaron un 17,5% e o resultado neto do exercicio, un 17,8%. O VEB a custo de factores, malia o seu crecemento (15,5%), reduce o seu peso relativo desde o 19,68% ata o 19,33%.

No concernente á evolución do **investimento** e o **financiamento** das empresas consideradas polo Ardán na súa mostra, **cadro 4.0.8.**, en 1998 continúa o equilibrio patrimonial nas

CADRO 4.0.8.

Evolución do investimento e do financiamento na empresa galega 1997-98

	1997		1998		98/97
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Activo total	3.451.319,55	100,00	3.989.369,12	100,00	15,6
Activo fixo (neto)	1.408.360,34	40,81	1.579.526,45	39,59	12,2
Gastos amortizables	19.306,94	0,56	22.161,97	0,56	14,8
Inmovilizado inmaterial	95.133,20	2,76	118.635,77	2,97	24,7
Inmovilizado material	1.007.932,84	29,20	1.115.745,66	27,97	10,7
Outro inmovilizado	282.183,07	8,18	320.384,26	8,03	13,5
Outro activo fixo	3.804,29	0,11	2.598,79	0,07	-31,7
Circulante neto	2.042.959,21	59,19	2.409.842,67	60,41	18,0
Existencias	736.176,87	21,33	843.263,90	21,14	14,5
Debedores	985.646,02	28,56	1.163.190,45	29,16	18,0
Tesourería	151.014,54	4,38	180.504,49	4,52	19,5
Outro activo circulante	170.121,78	4,93	222.883,83	5,59	31,0
Fontes de financiamento	3.451.319,55	100,00	3.989.369,12	100,00	15,6
Financiamento permanente	1.790.228,08	51,87	2.005.944,30	50,28	12,0
Fondos propios	1.162.234,96	33,68	1.287.544,41	32,27	10,8
Recursos alleos I/p	568.556,07	16,47	652.785,98	16,36	14,8
Ingresos distribuídos en varios exercicios	59.437,05	1,72	65.613,91	1,64	10,4
Acreedores a curto prazo	1.661.091,47	48,13	1.983.424,81	49,72	19,4
Fondo de rotación	381.867,74	11,06	426.417,85	10,69	11,7

Fonte: Ardán

CADRO 4.0.9.

Empresa galega 1997-98: indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos	V.E.B.c.f. / ingresos	Gastos persoal / ingresos	Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos	Carga financeira / ingresos	Cash-flow / ingresos
1998	11,41%	23,65%	15,89%	3,34%	0,96%	3,24%
1997	10,26%	24,26%	16,54%	3,18%	1,12%	3,06%

Fonte: Ardán

CADRO 4.0.10.

Empresa galega 1997-98: rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica	Marxe	Rotación de activos	Rendibilidade financeira antes de impostos	Coste neto da débeda	Coefficente de endebedamento
1998	6,80%	3,55%	1,89	16,90%	2,74%	2,46
1997	6,62%	3,46%	1,84	14,92%	3,09%	2,54

Fonte: Ardán

CADRO 4.0.11.

Comercio exterior 1999: distribución segundo sectores

(en millóns de pesetas)

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial (1)		Saldo comercial 98 (1)
	Ourense			Ourense			Total		
	A Coruña	Lugo	Pontevedra	Total	A Coruña	Lugo	Pontevedra	Total	
Enerxéticos	110.430	5.074	365	116.778	17.818	7	1.232	19.293	-71.785
Non enerxéticos	230.065	37.501	26.297	958.156	220.684	39.609	632.805	949.253	-68.505
Sector primario	85.138	15.954	4.556	288.715	70.791	10.510	146.315	242.958	-83.129
Produtos agrícolas	60.272	2.728	3.297	222.114	50.482	7.088	115.112	182.647	-71.216
Materias primas	24.866	13.226	1.259	66.602	20.308	3.422	31.203	60.310	-11.913
Seminmanufacturas	51.426	11.837	5.118	130.261	40.329	25.509	39.356	133.080	9.625
Industria química	12.238	2.729	2.373	54.507	14.872	12.087	15.433	43.621	-13.786
Metales	37.250	8.768	2.083	69.484	22.823	5.649	11.895	41.331	-13.484
Outras semimanufacturas	1.936	341	662	6.269	2.633	7.773	12.027	48.126	36.895
Manufacturas	93.502	9.709	16.623	539.180	109.565	3.589	447.135	573.217	4.997
Bens de equipo	34.480	8.574	8.741	450.919	40.841	2.710	426.880	479.147	-3.934
Maquinaria	29.804	7.129	7.134	103.669	14.024	2.278	16.102	37.547	-66.122
Materiais de transporte	4.676	1.445	1.607	347.250	26.817	432	410.777	441.599	84.952
Bens de consumo	59.021	1.135	7.882	88.259	68.723	879	20.255	94.069	8.331
Peletería	3.922	57	166	5.934	3.766	-	715	4.988	750
Textiles	49.731	523	6.711	66.342	54.806	216	4.930	63.065	636
Outros bens de consumo	5.368	555	1.004	13.982	10.152	663	14.610	26.007	7.545
Total	340.495	42.575	26.662	1.074.934	238.502	39.616	634.037	968.546	-140.291

(1) datos provisionais
Fonte: /CEX

empresas galegas. O financiamento permanente (2.005,9 miles de millóns de pesetas) cubre a totalidade do activo fixo neto (1.579,5 miles de millóns) e o 17,7% do circulante neto (este último ascende a 2.409,8 miles de millóns), acaando un fondo de rotación de 426,4 miles de millóns de pesetas, un 11,7% superior ó experimentado no ano anterior.

No concernente ás fontes de financiamento, o 50,3% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios (1.287,5 millóns de pesetas), que medraron un 10,8% respecto ó ano anterior, supoñen o 32,3% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo (652,8 miles de millóns) medraron un 14,8%, co que o seu peso relativo foi do 16,4% do total das fontes de financiamento.

Respecto á **análise económica-financieira**, recollida no **cadro 4.0.9.**, no período 1997-98 prodúcese unha aceleración no crecemento dos ingresos, así como unha redución do valor engadido bruto en relación ós ingresos, do peso relativo dos gastos de persoal e da carga financeira.

Esta análise complementase coa información reflectida no **cadro 4.0.9.**, onde se amosa un incremento da rendibilidade económica e da financeira. A primeira aumenta por mor da evolución positiva da marxe e da rotación de activos, e a rendibilidade financeira antes de impostos o fai favorecida pola mellora da primeira e pola redución do custo da débeda. Finalmente, o nivel de endebedamento decrece neste período.

Balanza comercial

O **cadro 4.0.11.** presenta un resumo da situación comercial dos grandes sectores productivos da economía galega e a súa distribución provincial. Como se pode observar, o déficit da balanza comercial galega ven explicado,

fundamentalmente, polo comportamento do sector enerxético (o seu déficit ascende a 97.485 millóns de pesetas), xa que os sectores non enerxéticos presentan un déficit do 8.903 millóns.

No que ós sectores non enerxéticos se refire, o devandito cadro reflicte que o sector primario presenta un déficit de 45.757 millóns de pesetas, que é maior que o superávit experimentado polo conxunto das semimanufacturas (2.819 millóns de pesetas) e das manufacturas (34.037 millóns).

Atendendo á desagregación provincial, Ourense é a única provincia galega que presenta un superávit comercial, 29.730 millóns, por mor do comportamento do sector primario e das semimanufacturas. Pola contra, a provincia de A Coruña é a que presenta o maior déficit comercial (101.993 millóns) dado o peso do comercio exterior enerxético nesta provincia.

Comparado co ano anterior, atendendo ós datos provisionais do **cadro 4.0.11.**, en 1999 prodúcese un aumento do déficit comercial no caso do balance enerxético e unha diminución importante no caso dos produtos non enerxéticos, que descende dos 68.000 millóns de 1998 ata os case 9.000 millóns de 1999.

Os subsectores de manufacturas e semimanufacturas continúan co saldo positivo da súa balanza comercial, reducíndose en case 40.000 millóns o déficit do sector primario.

Dentro do subsector manufacturas salienta o cambio de tendencia experimentado nos casos dos bens de equipamento, peletería e téxtil, que en 1999 presenta un superávit de 28.000 millóns de pesetas no primeiro caso e déficits de 936 e 5.300 millóns de pesetas no segundo e terceiro caso, respectivamente. ■

